# BARULLO!

todos os ritmos do

# Señor Patajullo

Nelson Quinteiro
PRODUCCIONES

# BARULLO!

Despois do éxito incontestable de propopostas como o **"Pequeno Cabaret Infantil"** ou o espectáculo didáctico **"As Nosas Músicas D´Aquí"** que teñen levado a Nelson Quinteiro a ofrecer centos de funcións en festivais de renome como a zona infantil do **Festival da Luz**, **Festival NOSOLOCIRCO** de Extremadura, **Festival TRAN TRAN** de Paiasos de Fuerteventura, **Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo** de Cangas, **Festival Portamérica**, **Feira do Vento** de Lalín, festivais **Rilla na Rúa**, **Feira Modernista** de Cartagena, entre moitísimos outros, e en infinidade de programacións propias (**Pequeno Circo de Nadal**, **Pequeno Circo de Entroido**, Festival **O Bosque de Nadal**, **Festival Galego de Cabaré**, etc...) Volvemos á carga cunha nova proposta infantil froito de varios meses de investigación e exploración de contidos e formatos audiovisuais durante os meses de confinamento e meses posteriores nesta nova realidade.
De todo ese traballo e desenvolvemento de propostas xurde un novo espectáculo infantil que dende a **linguaxe do clown** e a inefable presencia de Nelson Quinteiro aborda todos os **ritmos e instrumentos** da tradición galega dende unha perspectiva didáctica e moi divertida.

todos os ritmos do
Señor Patajullo

## A proposta

A partir dunha nova personaxe, O **Señor Patajullo**, que bebe da experiencia e desenvolvemento profesional de Nelson Quinteiro como **Doutro Sorriso** da Fundación Theodora ao longo destes últimos anos como artista de hospital, estamos a desenvolver **unha proposta teatral e músical didáctica** dirixida a nenos e nenas de **3 a 10 anos.**
Nela o humor e a risa serán o vehículo de transmisión de materias didácticas como os **tipos de instrumentos** (vento, corda, percusión), **formas** (cadrado, triángulo, círculo, rectángulo), **materiais** (madeira, pel, metal, corda) e sobre todo **ritmos e xéneros** (muiñeira, xota, pasodoble, rumba, etc...)
Na proposta faremos uso dunha cornucopia de intrumentos de todo tipo que pasan polos pedais de loop como ferramenta fundamental ós que sumarán **ukeleke, kazoo, cunchas, pitos, peitoque, triángulo, pandeiros, pandeiretas, tamboril, batería de pé, pau de axóuxeres, caixa china, bombo** e finalmente, **gaita**, entro outros.
Con moito barullo!
Unha experiencia festiva, desenfadada, didáctica e humorística para echegar ós máis pequenos/as ó mundo da **música** e da **cultura tradicional**.



# BARULLO!

## Quen Somos

**Nelson Quinteiro Producións** (www.nelsonquinteiro.com) Somos unha industria artística especializada **danza, música e teatro** expertos na creación de **experiencias temáticas**.

Somos creadores de **propostas propias, eventos e festivais** relacionados co mundo da cultura popular, o nadal, os ciclos festivos do ano, circo, cabaret e danza teatro.

Creamos propostas evocadoras, que abordan directamente os **imaxinarios colectivos** de cara a proporcionar ós teus veciños, paseantes, bañistas ou usuarios da túa praza, teatro, auditorio ou campo da festa unha **experiencia emocionante** que faga vibrar, participar, e celebrar a vida e a alegría de vivir.

No mundo da música xogamos coas latitudes, botamos man das raíces na procura de orixinalidade partindo dende a orixe. Facemos vibrar creando experiencias insólitas.

Somos responsables da programación, produción e comunicación de propostas tan singulares coma o **Festival Galego de Cabaré** (11 edicións), Festival **"O Bosque de Nadal"** en Viveiros O Piñeiro (Pontevedra) 2017, 2018 e 2019, **"Pequeno Circo de Nadal"** (Rianxo 2016, 2017, 2018 e Salceda de Caselas 2019), **"Parranda & Trucks"** (Portonovo 2017 e 2018), **"Pequeno Circo de Entroido"** (A Coruña 2017 e 2018),**"Spring"** ou **"Tarde dos Pepes e das Pepitas"** (Marín 2019), entre outros.

Ao longo destes últimos anos encargámonos do **street márketing** de propostas tan singulares como os festivais **"Rilla na Rúa"** ou a inauguración de "**A Sede.** RC Celta de Vigo", así como o desenvolvemento de propostas ad hoc para festas como San Xoán de Poio, San Xenxo e Santa Rosalía en Sanxenxo, etc...

No mundo do **teatro e a animación infantil** somos expertos na creación de **contidos altamente participativos**, cunha **enerxía e posta en escena contundente**, en propostas que funcionan e que sempre aportan unha nota diferencial e grande orixinalidade.

Tras varios anos poñendo a andar varias das iniciativas infantís de Nadal máis exitosas do panorama galego, en proxectos como **"Papá Noel no teu barrio"** do Concello da Coruña 2015, **"Pequeno Circo de Nadal"** de Rianxo 2016, 2017 e 2018 e Salceda de Caselas 2019 e 2020 e sobre todo **"O Bosque de Nadal"** en Viveiros O Piñeiro (Pontevedra) 2017, 2018 e 2019, amosamos o grande aval de termos levado a ilusión a miles de nenos e nenas.

Recentemente vimos de producir a proposta **"Apalpadoriños"** no marco das **Subvencións ao Impulso do Sector Escénico Galego** con ducias de funcións e o **100% de aforo en todas as nosas representacións**.

*todos os ritmos do Señor Patajullo*

# BARULLO!

## O artista

**Nelson Quinteiro** (Cangas, 1979) é un **dinamizador cultural** incansable e un **polifacético artista**.
Creador e director do Festival Galego de Cabaré (11 edicións, dende 2006) e de producións como "Compostela Carpa Cabaré", "Noites Efervescentes", "O Bosque de Nadal", "Pequeno Circo de Nadal", Pequeno Circo de Entroido" ou moitos outros.
Sempre estivo vencellado ao mundo da **música, o cabaré, a danza e o teatro de rúa**.
É traballador autónomo e como empresa ofrece servizos profesionais de **comunicación corporativa**, **street marketing**, música, animación, danza e teatro de rúa, eventos gastronómicos con foodtrucks, festivais de todo tipo (principalmente de cabaré e temática de Nadal) ou iniciativas relacionadas coa cultura popular.
Ten 41 anos e leva en activo dende 1997, primeiro baixo entidades asociativas e dende setembro de 2007 como autónomo e empresa de espectáculos.
É **mestre de máis de 100 alumnos/as** en diferentes iniciativas relacionadas co canto popular, o teatro ou a danza.

Na actualidade,ademais, traballa como **artista de hospital** de man da **Fundación Theodora** como **Doctor Sonrisa**, visitando os hospitais de Galicia e traballando en proxectos a nivel estatal.
Ademais de ser licenciado en **Ciencias Políticas**, especializouse en diferentes áreas do coñecemento, como a **dinamización cultural** (Concello de Pontevedra, 2000), **xestión do talento**, grazas ao programa Gestalent 2001 de man da consultora HayGroup, **Literatura Fantástica** (Cursos de Verano 2014 da Universidad Internacional Menéndez Pelayo), **"Emprendemento en Industrias Culturais"** por medio do proxecto GO2WORK da Fundación Paideia e o EOI (Escuela de Organización Industrial_Ministerio de Industria), etc...
No mundo del canto tradicional e popular galego ten publicado os discos **"Orquesta Gharbo!"** e **"Músicas de Domingo"** (2014 e 2019, respectivamente) e ten dirixido innovadoras iniciativas como o programa **"Supercantos 2017"** do Excmo Concello de Pontevedra,ou creado a iniciativa **"Mais Cantos"** (www.maiscantos.org)
Dende o ano 2011 embárcase na creación de proxectos infantis e para público familiar, por medio de propostas como **"Papiroflexias, O Asteroide de Papel"**, coa compañía CONTRA2, **"Pequeno Cabaret Infantil"**, **"As Nosas Músicas D´Aquí"**, **"Flashtop Christmas"** ou **"Apalpadoriños"**.

*todos os ritmos do*
*Señor Patajullo*

# BARULLO!

## Novos publicos

Se hai algo que caracteriza ás producións de Nelson Quinteiro ao longo destes últimos anos é o seu éxito a nivel de público e a súa capacidade de xerar eventos e festivais nos que o espectador convírtese en protagonista da produción e vive unha experiencia que aborda toda a súa sensorialidade.

Os seus espectáculos son postos en distribución nas redes de comercialización habituais, e adoitan ter unha distribución óptima, grazas a unha rede de clientes sólida e consolidada. Pero se nalgún sitio cobran forza e se dimensionan son como parte dos contidos das producións propias que deseña nas que participan.

Propostas que festexan o ciclo festivo do ano, como o "Pequeno Circo de Nadal", Festival "O Bosque de Nadal", "Pequeno Circo de Antroido", "Spring. Festa da Primavera", "Sanxenxo en Branco", "Romería Zombie de Samaín",etc...

Que abordan os imaxinarios colectivos.

Dinámicas, participativas, fotoxénicas e pensadas para que o usuario comparta e se gabe da experiencia.

Xuntando, sempre que se pode, o factor gastronómico e a sensorialidad, os olores, os sabores para acada unha experiencia máis redonda.

todos os ritmos do
Señor Patajullo

Dende a nosa participación no 1º Coworking de Emprendimento nas Industrias Culturais por medio da Fundación Paideia o noso modelo de produción artística deu un xiro copernicano.

Deste xeito vimos de producir propostas que dan fe da creación de novos modelos de representación e exhibición do feito escénico, coa creación de novos públicos e unhas marcas de aforo espectaculares (unhas 2000 persoas por sesión, no "Bosque de Nadal" ou festival "Parranda&Trucks", unhas 400 no "Pequeno Circo de Entroido" ou unhas 200-300 por sesión nos modelos "Pequeno Circo de Nadal" de Rianxo ou Salceda de Caselas.

Espectáculos recentes como "Novencento Cabaret", cunhas considerables marcas de aforo (60-80%) ou sobre todo "Apalpadoriños" (100% de aforo en todas as súas representacións) concebidos e creados nesta liña son unha mostra disto.

Estas imaxes son una pequena mostra da nosa capacidade, en espectáculos e producións recentes:

# BARULLO!

## Proceso creativo

O proceso creativo do espectáculo **"Barullo"** terá a lugar **dende a segunda quincena de abril e durante todo o mes de maio de 2021**.
Cunha residencia artística no propio local social da empresa, onde Nelson Quinteiro ten instalado e posto a punto o seu particular estudio, alternará con ensaios en espazo escénico a realizar unha vez á semana no **Centro Cultural Xaime Illa de Raxó (Poio)** onde a compañía ten concedida unha residencia artística permanente.
A súa posta en escena e campo de desenvolvemento e de crecimento terá lugar durante o mes de maio, durante **5 funcións escolares** a levar a cabo en todos os centros escolares públicos do Excmo Concello de Poio:

**CEIP Lourido**
**CEIP Isidora Riestra**
**CEIP Viñas**
**CEIP Plurilingüe Chancelas**
**CEIP Espedregada (Raxó)**

Esta xira escolar inicial, posible grazas a un proxecto ad hoc creado para o Excmo Concello de Poio permitirá poñer a punto o espectáculo, gravar os clips promocionais e realizar as primeiras reportaxes fotográficas, experimentar escénicamente e afinar o ritmo da montaxe, e darlle rodaxe de cara ao seu feche definitivo a principios de xuño.

A partir dese momento comezará o proceso de comunicación e distribución do espectáculo durante os meses de verán de cara, sobre todo, a ter unha campaña forte durante os meses de magosto-samín-nadal 2021 e entroido 2022.

**-Abril- Maio 2021**
REDACIÓN DE GUIÓN,
ENSAIOS E RESIDENCIA
ARTÍSTICA

**-Maio de 2021**
5 FUNCIÓNS ESCOLARES
EN CENTROS EDUCATIVOS
DO CONCELLO DE POIO
+ Asesoría artística
+ grabación videoclips
+ reportaxes fotográficas
+ maquetación e edición
material promocional,
merchandaising
audio e libro.

**-Xuño de 2021**
Lanzamento do espectáculo,
distribución de material promo
campaña de comunicación.
Envíos masivos de promo
a todos os centros escolares
de Galicia, ANPAS e campaña
de marketing online a programadores,
asociacións culturais e comisións
de festas e festivais.

**ESTREA!**
Aínda por asignar.
Dispoñible dende o 1 de xullo de 2021.



todos os ritmos do
Señor Patajullo

# BARULLO!

## *Vestiario e atrezzo*

A nosa idea para a caracterización e personaxe do **Señor Patajullo** pasa por crear un figurín que nos faga lembrar as imaxes de cando eramos pequenos e nos vestían de gaiteiro para ir ás romerías, con certa olor a nostalxia e neftalina dos anos 80, recreándonos na visión máis **folclórica e pintoresca** do traxe tradicional.

Para darlle un **punto desenfadado** e **aires de clown** optaremos por mudar a camisa de liño por unha batería de camisetas de diferentes cores co logotipo e deseño do espectáculo, e por un punto máis sport. A gran innovación deste vestiario radicará na escolla de **tela vaqueira** para todos os compoñentes, dende o chaleque os pantalóns, de feitura tradicional pero tela **denim**, así como as cirolas ou mesmo a monteria.
Os apliques e deseños decorativos serán en veludo, lá e botóns de chapa moi coloridos, fitas e adornos, con aires tradicionais pero un punto moi actual, capaz de crear unha personaxe moi **diferencial**, **única** e **característica**.

En canto á escenografía e o atrezzo, os propios **instrumentos musicais** serán o fío conductor do propio espectáculo, creando unha escenografía pensada para amplificar a súa presencia escénica.
Ao mesmo tempo crearemos **propostas de atrezzo específicas** para a montaxe, como **charrascos** de fantasía, **letras xigantes** ou un **cabezudo** para presentar certos ritmos, xogos, cancións ou contos dos que se compón o show.
A propia grafía da proposta terá un lugar importante na impronta escénica da peza, sendo leiv motiv tanto para o elemento escénico como para os apoios de audio, audiovisuais ou editorial que acompañarán a **"Barullo!"** como proxecto global.

*todos os ritmos do*
*Señor Patajullo*

# BARULLO!

A concepción de **"Barullo"** como un proxecto global inclúe a edición e publicación dun **libro-disco didáctico** no que, ademais de presentar ao personaxe con as súas características e imaxe ben definida, se faga un percorrido polos seguintes elementos:

**-AS FORMAS**: Cadrado (pandeiro), círculo (pandeira, pandeireta, peitoque), triángulo (pandeiro de tres picos, triángulo musical), rectángulo (caixa de pementón), así como formas regulares (as mencionadas) e formas irregulares (pau de axóuxeres, cunchas, pitos, baquetas), etc..

**-TIPOS DE INSTRUMENTOS**: De corda (ukelele), de vento (gaita, kazoo) e de percusión (pitos, peitoque, tamboril, pandeiros, pandeiretas, cunchas, etc...)

**-MAGNITUDES**: Grande (gaita, ukelele, bombo, tamboril, pandeiro, pandeira), mediano (pandeireta, pandeiro de tres picos) e peqenas (pandereitiñas, pitos, peitoque, pau de axouxére, etc...)

**-RITMOS**: Pandeirada e muiñeira, valse, maneo e xota, rumba, pasodoble, danza, cantigas de maio, etc..

*todos os ritmos do Señor Patajullo*

## *Promo e Merchandaising*

Como complemento ó popio libro abrirase unha **lanzadeira** na páxina web www.nelsonquinteiro.com coa extensión /barullo que dará ligazón aos contidos da proposta, así como enlace a un **canle propio de youtube** cos vídeos explicativos de cada compoñente didáctico, así como **canle específico de soundcloud** dende o que premer as cancións, tanto do espectáculo en sí mesmo como doutras cancións infantís e populares de Nelson Quinteiro.
Todos este materiais, ademais, estarán cifrados en **códigos QR** que figurarán tanto no libro-disco como noutro tipo de soportes promocionais e de merchandaising como **postais**, **camisolas**, **marcapáxinas**, **pósteres** tamaño A2 ou todo tipo de material promocional que será enviado a todos os colexios de Galicia.

Como campaña de promoción, ademais dos nosos recursos específicos habituais de comunicación aproveitaremos a plataforma semanal da que Nelson Quinteiro dispón en **Radiovoz**: "**Un Mundo Ben Bonito**", que se emite todos os xoves ás 12:30 h para toda Galicia no programa "**La Mañana con Eva**".

# BARULLO!

## A Comunicacion e difusion

Un dos aspectos máis atractivos no traballo de Nelson Quinteiro Producciones radica na posta en marcha dun gabinete de prensa e comunicación en cada proxecto no que participamos, acadando grande repercusión mediática na maioría das actividades que emprendemosa a través de completas campañas en RRSS, marketing online e difusión.

Coñecemos o sector, levamos máis de dúas décadas de traballo ben feito e coñecemos personalmente a moitos/as dos/as profesionais da comunicación, tanto radiofónica, como de prensa escrita, web ou televisión en Galicia.

Deste xeito os noso proxectos teñen un valor engadido á hora de poñer en valor unha inversión, que, deste xeito, ten un retorno directo en publicidade, difusión e repercusión.

Actualmente, ademais, contamos con un espazo fixo semanal titulado “Un Mundo Ben Bonito” en RADIOVOZ que se emite para toda Galicia os xoves ás 12:30 h dentro do programa “La mañana con Eva” de Eva Millán.

*todos os ritmos do Señor Patajullo*

Éxitos recentes:

**Portada en El Faro de Vigo** 13 de decembro 2019 sobre o Festival "O Bosque de Nadal".
**Portada 18 de febreiro de 2020** La Opinión A Coruña sobre o XI Festival Galego de Cabaré.
**Portada Faro de Vigo** 13 de decembro 2020 sobre o espectáculo "Apalpadoriños".
**Portada Diario de Pontevedra** 22 de xuño de 2020 sobre o concerto de Nelson Quinteiro no Día Internacional da Música.
**Reportaxe a páxina completa en "El Faro de Vigo"** Edición do Morrazo sobre o videoclip "Xota do Norte" o 22 de novembro de 2021.
**Feche do telexornal da TVG mediodía e serán** sobre o videoclip "Xota do Norte" o 21 de xaneiro de 2021.
**Feche do programa ZIG ZAG Diario da TVG** co videoclip "Xota do Norte" o 30 de novembro de 2020
**Entrevista no programa BOAS TARDES** da Radio Galega a propósito do videoclip "Xota do Norte" o 30 de novembro de 2021
**Feche do programa ZIG ZAG da TVG** co videoclip "Nun Bou". 3 de outubro 2020.
**Contraportada do Diario de Pontevedra** a propósito do videoclip "Nun Bou" e o programa "Manciñas" de integración das persoas con diversidade funcional 30 de setembro de 2020...

FARO DE VIGO
PONTEVEDRA
Uno de cada cinco autónomos de Galicia declara pérdidas a Hacienda

La Opinión
A Coruña

# BARULLO!

## Orzamento

O presente espectáculo vén a ser o **terceiro dunha serie** que comezou con "Pequeno Cabaret Infantil" e seguíu co espectáculo "As Nosas Músicas", propostas moi **adaptables e todo-terreo** pensadas para interiores e sobre todo para exteriores, sendo adaptables tanto para o terreo escolar coma para o eido de festas e programacións ao aire libre, como **teatro de rúa**.

É, como as súas antecesoras, unha proposta **"PLUG AND PLAY"** pensada para que o cliente só teña que aportar unha **conexión eléctrica de 220 v** no espazo de representación.

A **ficha técnica é autoxestionada**, aportada pola compañía, e contando con equipo propio de son de 1600 w, máquina de fume, e instrumental propio.

O orzamento da proposta é asequible, pensada para darlle a este espectáculo tanto percorrido como tiveron os seus antecesores, con centos de funcións e representacións en todo o territorio nacional e en mostras a nivel internacional. Ou mesmo moitas máis!!!!

todos os ritmos do
Señor Patajullo

**ORZAMENTO ÚNICO**

**420 € + IVE (21%)**

+ Gastos de desprazamento (no caso de actuacións fóra da provincia de Pontevedra a un quilometraxe 0,21 € * km)

**IMPORTANTE:**

*1) No caso de espectáculos ao aire libre precisamos dunha persona de asistencia de cara a controlar o valioso e numeroso material musical que se expón no espectáculo (unha treintena de instrumentos).*

*No caso de ter que aportalo dende a Compañía suporía un suplemento adicional a valorar en función do número de horas de traballo en función da distancia do bolo.*

*2) Espectáculo dispoñible a través da RGTA, Rede PONTEGAL, Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas, Rede Cultural da Excma Deputación da Coruña ou programa "Cultura nos Camiños"*



# BARULLO!

*Actividades complementarias*

## BAILE GALEGO

OBRADOIRO DE MUIÑEIRA E BAILE GALEGO.
Destinado a: nenos e nenas de 8 a 12 anos
Tipoloxía: Danza e movemento
Non perdas a oportunidade de aprende a bailar co Señor Patajullo!
Neste obradoiro aprenderemos as principais estructuras do baile tradicional galego e como estas se modulan: as filas, a roda, a fila simple, os cruces, as fontes...
Aprenderemos picados simples: dende o cabaliño ao trintaetrés pasando por todo tipo de picados e polos paseos.
Tamén os primeiros puntos: tacón punta tacón, tacón punta chás, tacón punta salto...
Unha actividade de movemento destinada a grupos de 4 a 16 nenos/as e que se convirte nunha auténtica festa grazas aos xogos, e carismática personaxe do Señor Patajullo!

ORZAMENTO:
140 € + IVE (21%) = 169,4 € por 1 sesión
2 sesións ou máis:
115 € + IVE (21%) = 139,15 € por sesión

## RITMO E RECICLAXE

OBRADOIRO DE RITMO! E RECICLAXE!
Destinado a: nenos e nenas de 4 a 8 anos
Tipoloxía: Música e ritmo
Un obradoiro de achegamento aos principais ritmos da tradición musical galega empregando primeiro o corpo e logo as cunchas e a pandeireta como instrumentos principais, para finalmente empregar elementos reciclados para facer ritmo.
Un laboratorio no que comezaremos por introducir ao neno/a nos principais ritmos: muiñeira (téquele téquele), xota simple (pan de verín) ou composta (ana come pán), pasodoble (pán pán de Verín) ou rumba (tí tíritiri tiri)
Un novo xeito de aprender, empregando primeiro o corpo, a voz e o movemento para interiorizar os ritmos mediante xogos moi divertidos e intuitivos.
Unha actividade de música, ritmo e movemento destinada a grupos de 4 a 16 nenos/as e que se convirte finalmente nunha actividade de conciencia ecolóxica grazas ó emprego e uso e de elementos reciclados e reciclables.

ORZAMENTO:
140 € + IVE (21%) = 169,4 € por 1 sesión
2 sesións ou máis:
115 € + IVE (21%) = 139,15 € por sesión

## PAPIROFLEXIA!

OBRADOIRO DE PAPIROFLEXIA!
Destinado a: nenos e nenas de 6 a 12 anos
Tipoloxía: Manualidades e creatividade
Ensinaremos aos nenos e nenas a realizar un sinfín de figuras de papel que van dende una coroa, un parrulo, un raposo, unha paxariña, un barco, unha lúa, unha estrela, un pulpo, unha mesa, un comecocos.
Empregaremos o conto como ferramenta didáctica, de paso que os nenos e nenas vaian interiorizando as diferentes dobleces do papel para facer un sinfín de figuras.
Como segunda parte complicaremos un pouco o laboratorio creando unha rá saltarina, coa que faremos unha carreira de rás. Finalmente traballaremos sobre o avión de papel, facendo moitos tipos de avión e facendo concursos de voo de avións de papel.
Unha actividade de manualidades e creatividade por medio do contacontos destinada a grupos de 4 a 16 nenos/as e na que tamén incidiremos en mensaxes de conciencia ecolóxica como a reciclaxe e as tres erres: Reducir, reciclar, reutilizar.

ORZAMENTO:
160 € + IVE (21%) = 193,6 € por 1 sesión
2 sesións ou máis:
140 € + IVE (21%) = 169,4 € por 1 sesión

# BARULLO!